

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

11141 *Real decreto 999/2018, do 3 de agosto, polo que se regulan a composición e o funcionamento do Consello da Xuventude de España.*

O artigo 48 da Constitución española prevé o mandato aos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social económico e cultural.

A Lei 18/1983, do 16 de novembro, do Consello da Xuventude de España, supuxo o desenvolvemento deste precepto constitucional. Na dita norma creouse o organismo autónomo Consello da Xuventude de España, como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, cuxo fin esencial é ofrecer unha canle de libre adhesión para propiciar a participación da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural de España.

Con posterioridade, a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, redefiniu, no seu artigo 21, a natureza xurídica do consello, ao indicar que o Consello da Xuventude de España se configura como unha entidade corporativa de base privada, dotada de personalidade xurídica, que ten por finalidade servir de canle de encontro, diálogo, participación e asesoramento nas políticas públicas en materia de mocidade, e que desempeñará as funcións que regulamentariamente se determinen para o cumprimento destes fins.

Así mesmo, a citada Lei 15/2014, do 16 de setembro, prevé no artigo 21, puntos 2 e 3, a necesidade de aprobar un regulamento de organización e funcionamento interno que completará o réxime xurídico aplicable ao Consello da Xuventude de España, o cal se deberá axustar ás normas que regulamentariamente se aproben en canto á súa composición e funcionamento.

O obxectivo deste real decreto é cumprir o mandato do lexislador e crear o marco regulamentario necesario para trasladar a condición de entidade corporativa de base privada ao Consello da Xuventude de España.

Para iso, optouse por establecer unha autonomía máxima na determinación dos membros do Consello da Xuventude de España e no seu propio funcionamento, formulando un posterior desenvolvemento regulamentario interno, para garantir a transparencia e a proporcionalidade da norma, buscando sempre a forma máis eficaz e eficiente de establecer unha regulación que non limite o funcionamento do citado Consello da Xuventude de España.

A definición da composición e o funcionamento desta nova entidade supón o deseño dun espazo que deberá servir como canal de libre adhesión, con autonomía real e gobernanza por mozos e mozas, que lles permita adquirir a estes as competencias necesarias para o exercicio da democracia desde espazos propios e estables, facendo que a sociedade civil organizada pola mocidade xogue un papel propio e fundamental na decisión e implementación de políticas en materia de xuventude desde os seus diferentes ámbitos e materias a todos os niveis do Estado. Da mesma forma, debe contar con instrumentos para participar nos espazos internacionais en que representar e defender os intereses e dereitos da mocidade.

Neste real decreto, unha vez definida a natureza e réxime xurídico do Consello da Xuventude de España, onde se determina o seu réxime de dereito privado, e unha vez establecidos os seus fins e funcións específicas, onde se reflicten funcións representativas e de colaboración, regúlense a composición e o funcionamento do Consello da Xuventude de España.

Canto ás entidades membro do Consello da Xuventude de España, establécese un réxime representativo amplo, en consonancia co establecido no artigo 21.2 da Lei 15/2014,

do 16 de setembro, que dá cabida, dentro do Consello da Xuventude de España, a asociacións xuvenís, federacións constituídas por estas, seccións xuvenís das demais asociacións, consellos da mocidade ou entidades equivalentes de ámbito autonómico con personalidade xurídica propia recoñecidos polas correspondentes comunidades autónomas e cidades autónomas, así como ás entidades sociais en cuxos estatutos de constitución se recoñeza que prestan servizos con carácter exclusivo á mocidade, sempre que todos eles reúnan os requisitos establecidos no regulamento de organización e funcionamento interno.

Ademais, fórmulase unha regulación dos órganos de goberno e unipersoais de dirección, de maneira que sexa unha estrutura con autonomía organizativa que, pola súa vez, resulte unha garantía dun funcionamento coa independencia de acción que lle recoñece a Lei 15/2014, do 16 de setembro. Así mesmo, prevíuse a creación temporal dunha comisión xestora que lle permita á entidade comezar o seu funcionamento ata o momento en que se constituía e celebre a primeira asemblea xeral ordinaria do Consello da Xuventude de España, tal e como recolle a disposición transitoria única. Esta composición vai acompañada da descrición das funcións que realizará en todo o territorio nacional.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación sinalados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en concreto, aos de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, xa que atende o obxectivo fundamental de dar cumprimento ao establecido na Lei 15/2014, do 16 de setembro, ao regular a composición e funcionamento do Consello da Xuventude de España. É o instrumento normativo máis adecuado para a súa consecución, é coherente co resto do ordenamento xurídico e evita cargas administrativas innecesarias.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. O Consello da Xuventude de España é unha entidade corporativa de base privada, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento do seu fin, que desenvolve a súa actividade en todo o territorio nacional, sen prexuízo da representación internacional que ten recoñecida.

2. O Consello da Xuventude de España rexerese polas normas de dereito privado, coas especificidades previstas nesta norma e nas disposicións posteriores que o desenvolvan. Non obstante, no exercicio das funcións públicas que lle foron atribuídas ou delegadas rexerese polas normas de dereito público aplicables en cada caso.

3. O Consello da Xuventude de España configúrase principalmente como entidade de interlocución e colaboración en materia de mocidade coa Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes.

Artigo 2. *Fin.*

O Consello da Xuventude de España ten como fin servir de canle de encontro, diálogo, participación e asesoramento nas políticas públicas en materia de mocidade.

Artigo 3. *Funcións.*

1. Para a consecución do fin do artigo 2, o Consello da Xuventude de España exercerá as seguintes funcións públicas:

a) Representar a mocidade asociada e defender os intereses da mocidade de maneira global.

- b) Colaborar coas administracións públicas no deseño, implantación, xestión, seguimento e avaliación daquelas políticas e actuacións en materia de mocidade.
- c) Fomentar xunto aos poderes públicos a participación da mocidade e, en especial, das entidades xuvenís, no desenvolvemento da educación non formal.
- d) Fomentar o tecido participativo en colaboración coas administracións públicas, estimulando a creación de entidades e consellos de mocidade nos distintos ámbitos territoriais, apoiándoos e capacitándoos.
- e) Impulsar a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento social, económico, cultural e político.
- f) Canalizar e defender as demandas e intereses da mocidade actuando como interlocutor eficaz ante os poderes do Estado. Para estes efectos, poderá participar nos consellos ou órganos consultivos que existan na Administración xeral do Estado relacionados coa mocidade.
- g) Participar, representando a España como interlocutores da mocidade asociada española e defendendo os intereses da mocidade de maneira global, no Foro Europeo da Mocidade, así como naqueloutros órganos e espazos internacionais que estean destinados á sociedade civil e cuxas funcións garden relación coas inherentes ao Consello da Xuventude de España.
- h) Emitir, por iniciativa propia ou por petición das administracións públicas, informes e ditames sobre aqueles proxectos normativos, plans, programas e outras iniciativas relacionadas co obxecto e finalidade do Consello da Xuventude de España.

2. Correspóndelle, ademais, ao Consello da Xuventude de España o exercicio das seguintes funcións:

- a) Realizar, con autonomía e independencia, análises, estudos e informes desde a perspectiva da participación xuvenil.
- b) Fomentar a coordinación, relación e intercambio entre as entidades integrantes, así como as relacións con plataformas interasociativas e movementos sociais.
- c) Sensibilizar a opinión pública sobre a realidade xuvenil e proxectar as propostas da mocidade cara á sociedade.
- d) Realizar aqueloutras que contribúan ao cumprimento do fin establecido no artigo 2.

Artigo 4. *Entidades integrantes do Consello da Xuventude de España.*

1. Poderán ser entidades integrantes de pleno dereito do Consello da Xuventude de España:

- a) As asociacións xuvenís, federacións ou equivalentes de ámbito estatal constituídas por estas, recoñecidas legalmente como tales e que teñan implantación e organización propias, nos territorios e co número de persoas asociadas ou afiliadas que determine o regulamento de organización e funcionamento interno.
- b) As seccións xuvenís, áreas, departamentos e secretarías das demais asociacións, sempre que aquelas reúnan o total dos requisitos sinalados:

1.º Ter unha especificidade e mandato de traballo xuvenil recoñecidos polos órganos de dirección da entidade xeral, así como unha estrutura permanente adecuada ao dito mandato, onde os mozos e as mozas sexan protagonistas.

2.º As persoas asociadas ou afiliadas á entidade xeral pertencentes á secretaría, departamento, área ou sección xuvenil, ou equivalente, deberán contar coa idade establecida no regulamento de organización e funcionamento interno.

3.º A delegación expresa da representación en materia xuvenil na secretaría, departamento, área ou sección xuvenil, ou equivalente, por parte da entidade xeral mediante acordo dos seus órganos competentes.

4.º Ter a implantación requirida polo Regulamento de organización e funcionamento interno.

c) As entidades sociais recoñecidas legalmente como tales, sempre que os seus estatutos recollan, de forma clara e explícita, que, entre os seus fins sociais, se encontran o desenvolvemento de maneira continuada de programas e actuacións dirixidos exclusivamente á xuventude. Estas entidades deberán ter implantación e organización propia, coa presenza territorial e o número de persoas asociadas ou afiliadas que determine o regulamento de organización e funcionamento interno.

d) Os consellos da mocidade ou entidades equivalentes de ámbito autonómico, recoñecidos polas correspondentes comunidades autónomas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla, dotados de personalidade xurídica propia.

2. A incorporación ao Consello da Xuventude de España dunha federación, confederación ou equivalente exclúe a dos seus membros por separado.

3. A condición de membro dun Consello da Xuventude ou entidade equivalente recoñecido por unha comunidade autónoma ou polas cidades autónomas de Ceuta e Melilla é compatible co dereito a incorporarse ao Consello da Xuventude de España, sempre que a entidade candidata estea incluída nalgún dos parágrafos a), b) e c) do punto 1 deste artigo.

4. O Consello da Xuventude de España poderá admitir membros observadores, de convenio ou adheridos, cuxos dereitos e deberes se regularán mediante o regulamento de organización e funcionamento interno.

5. O proceso de incorporación regulado neste artigo determinarase mediante o regulamento de organización e funcionamento interno.

6. O Consello da Xuventude de España poderá expulsar aqueles membros que deixen de reunir os requisitos para selo, logo de estudo da Comisión Permanente e aprobación da Asemblea Executiva.

Artigo 5. *Órganos de goberno e unipersoais.*

1. Os órganos de goberno do Consello da Xuventude de España son:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Asemblea Executiva.
- c) A Comisión Permanente.
- d) As comisións especializadas.
- e) A Comisión de Garantías.
- f) Aqueloutros que se especifiquen no seu regulamento de organización e funcionamento interno.

2. Os órganos unipersoais do Consello da Xuventude de España serán:

- a) A Presidencia.
- b) A Vicepresidencia ou Vicepresidencias.
- c) A Secretaría.
- d) A Tesouraría ou responsable de Finanzas.
- e) A persoa responsable de relacións internacionais.
- f) A persoa responsable da Área ou Vogalía da Comisión Permanente.

3. A designación dos membros nos órganos de goberno que se regulen e os seus representantes observará, se é o caso, o principio de presenza equilibrada entre homes e mulleres.

Artigo 6. *A Asemblea Xeral.*

1. A Asemblea Xeral é o máximo órgano reitor do Consello da Xuventude de España e estará composta polas entidades integrantes, as cales contarán con tantos representantes como estableza o Regulamento de organización e funcionamento interno.

2. O seu funcionamento, a regulación do voto ponderado, a convocatoria e o réxime de acordos serán os establecidos polo Regulamento de organización e funcionamento interno.

3. Entre as funcións esenciais da Asemblea Xeral están:

- a) Marcar as liñas xerais e a estratexia da actuación do Consello.
- b) Elixir as persoas que compoñen a Comisión Permanente do Consello.
- c) Elixir as persoas que compoñen a Comisión de Garantías.
- d) Aprobar e modificar o Regulamento de organización e funcionamento interno, o cal deberá ser autorizado polo Instituto da Mocidade de España.
- e) Ratificar as admisións e mocións de expulsión.
- f) Calquera outra que determine o Regulamento de organización e funcionamento interno.

Artigo 7. *A Asemblea Executiva.*

1. A Asemblea Executiva é o órgano encargado de realizar as funcións a que se refire o artigo anterior, no período de tempo comprendido entre a celebración de dúas asembleas xerais, e correspóndelle promover a relación entre a Comisión Permanente e as entidades integrantes e aprobar os plans de actuación derivados dos acordos da Asemblea Xeral, así como as atribucións que esta lle delegue no Regulamento de organización e funcionamento interno.

2. A Asemblea Executiva estará composta por un representante, co voto ponderado, por entidade integrante de acordo co establecido no Regulamento de organización e funcionamento interno.

3. O seu funcionamento, convocatoria e réxime para a adopción de acordos será regulado polo Regulamento de organización e funcionamento interno.

4. Correspóndenlle á Asemblea Executiva as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento das liñas xerais e mandatos determinados pola Asemblea Xeral.
- b) Decidir sobre a admisión e expulsión das entidades integrantes.
- c) Elixir, en caso de vacante, as persoas que compoñen a Comisión Permanente.
- d) Decidir sobre os criterios de contratación das persoas que compoñen a Comisión Permanente e establecer o número e condicións destas.
- e) Fixar as cotas das entidades integrantes.
- f) Aprobar e modificar o código ético.
- g) Aprobar e modificar os principios de transparencia.
- h) Aprobar anualmente, se procede, o estado de contas, o orzamento e o plan de traballo.
- i) Crear e disolver grupos de traballo ou outros órganos consultivos que non teñan carácter estrutural ou permanente.
- j) Calquera outra que determine o Regulamento de organización e funcionamento interno.

Artigo 8. *A Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente é o órgano colexiado encargado de executar os acordos da Asemblea Xeral e da Asemblea Executiva. As súas funcións serán:

- a) Convocar, coordinar e promover a comunicación das comisións especializadas, así como do resto de órganos de goberno do Consello da Xuventude de España.
- b) Asumir a dirección do Consello e a súa representación cando as asembleas non estean reunidas.
- c) Realizar calquera outra función ou competencia colexiada que determine o Regulamento de organización e funcionamento interno.

2. A Comisión Permanente estará composta:

a) Pola Presidencia: desempeña a máxima representación legal do Consello da Xuventude de España ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; será quen convoque as reunións da Comisión Permanente e demais órganos de goberno segundo se estableza no Regulamento de organización e funcionamento interno. Ademais, executará os acordos e, para iso, poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos necesarios para tal fin.

b) Pola ou polas vicepresidencias: substituirá(n) a presidencia por indicación desta ou nos casos de ausencia, enfermidade e vacante, así como noutros determinados pola Comisión Permanente e a Asemblea Executiva.

c) Pola Secretaría: correspóndelle a custodia da documentación, redactar actas correspondentes ás sesións dos órganos colexiados decisorios, expedir certificacións e informes que sexan necesarios e todas aquelas que expresamente lle sexan delegadas.

d) Pola persoa responsable das finanzas a quen corresponderá a custodia do patrimonio e a supervisión da xestión económica, o pagamento de libramentos que autorice a presidencia, así como informar periodicamente a Comisión Permanente e os demais órganos que o requiran da situación económica do Consello da Xuventude de España.

e) Pola persoa responsable das relacións internacionais, que será quen coordine a acción internacional do Consello da Xuventude de España.

f) Por un mínimo de dúas vogalías e un máximo de catro. A composición total da Comisión será sempre un número impar. Estas vogalías realizarán a coordinación da actividade das áreas que sexan determinadas pola Asemblea Xeral e todas aquelas funcións expresamente atribuídas pola Asemblea Executiva.

3. O Regulamento de organización e funcionamento interno determinará as funcións de cada un dos órganos unipersoais da Comisión Permanente, así como as súas competencias colexiadas.

Artigo 9. *As comisións especializadas.*

1. As comisións especializadas son órganos do Consello da Xuventude de España adscritas ás vogalías da Comisión Permanente, que actúan nunha área temática determinada, a modo de asesoramento, estudo ou outras que se determinen no Regulamento de organización e funcionamento interno.

2. A súa composición e funcionamento virán determinados polo Regulamento de organización e funcionamento interno.

Artigo 10. *A Comisión de Garantías.*

1. A Comisión de Garantías é o órgano encargado de velar polo cumprimento do Regulamento de organización e funcionamento interno do Consello, de preservar os dereitos das entidades integrantes do Consello e de vixiar o cumprimento dos deberes destas, así como de mediar nos conflitos que, se é o caso, xurdan entre elas.

2. A Comisión de Garantías estará composta por un máximo de cinco persoas e responderá unicamente ante a Asemblea Xeral e a Asemblea Executiva, de acordo co que se estableza no Regulamento de organización e funcionamento interno.

Artigo 11. *Funcionamento do Consello da Xuventude de España.*

O Regulamento de organización e funcionamento interno do Consello da Xuventude de España establecerá o réxime de convocatorias e funcionamento.

Artigo 12. *Réxime de persoal do Consello da Xuventude de España.*

O persoal contratado ao servizo do Consello da Xuventude de España estará suxeito ao Estatuto dos traballadores e ao resto de normativa laboral aplicable.

Artigo 13. *Réxime económico e patrimonial.*

1. O Consello da Xuventude de España contará cos seguintes recursos económicos:

a) As dotacións específicas que, se é o caso, figuren nos orzamentos xerais do Estado.

b) As cotas das súas entidades integrantes.

c) As subvencións, doazóns, así como outras achegas en especie, que poida recibir das entidades públicas ou privadas, de acordo co código ético e cos principios de transparencia que serán aprobados pola Asemblea Executiva.

d) As rendas que produzan os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

e) Os rendementos que xeren as actividades propias que realice o Consello.

2. A xestión, administración e explotación dos bens e dereitos do Consello da Xuventude de España corresponderanlle a el mesmo.

3. O Consello da Xuventude de España poderá adquirir, para o cumprimento do seu fin, toda clase de bens por calquera dos modos admitidos en dereito.

4. O réxime de contratación do Consello da Xuventude de España rexeráse polo disposto na lexislación aplicable ao ordenamento xurídico privado.

5. O réxime orzamentario, de xestión económico-financeira e de contabilidade será o establecido no ordenamento xurídico privado.

Artigo 14. *Réxime de recursos.*

Os actos e disposicións do Consello da Xuventude de España, adoptados no exercicio das funcións públicas que ten atribuídas, esgotan a vía administrativa e poderase recorrer contra eles na vía contencioso-administrativa.

As actuacións do Consello da Xuventude de España noutros ámbitos e, especialmente, as de carácter mercantil, civil e laboral dilucidaranse perante os xulgados e tribunais competentes.

Disposición transitoria única. *A Comisión Xestora.*

1. Cando entre en vigor o real decreto constituirase a Comisión Xestora do Consello da Xuventude de España que manterá a súa vixencia ata o momento en que quede constituída e se celebre a primeira Asemblea Xeral.

2. A Comisión Xestora estará conformada polos membros da última Comisión Permanente, elixida pola Asemblea Xeral do extinto organismo autónomo Consello da Xuventude de España, e desenvolverá as funcións encomendadas á Comisión Permanente no artigo 8.

3. A Comisión Xestora abrirá, dentro do prazo dun mes desde a súa constitución e ata un prazo máximo de catro meses, o procedemento interno de incorporación das entidades que vaian formar parte do Consello da Xuventude de España na primeira Asemblea Xeral.

4. Durante o dito procedemento, a Comisión Xestora velará para que as entidades que soliciten a súa incorporación ao Consello da Xuventude de España cumpran os requisitos establecidos, tendo en conta as seguintes especificidades:

a) As entidades comprendidas no artigo 4.1.a) deberán ter implantación e organización propia en, cando menos, tres comunidades autónomas ou cidades autónomas, que sexan membro de, cando menos, tres consellos de mocidade con personalidade xurídica propia e mil persoas afiliadas ou asociadas que teñan menos de trinta anos.

b) As entidades comprendidas no artigo 4.1.b) deberán ter presenza en, cando menos, tres comunidades autónomas ou cidades autónomas, que sexan membro de, cando menos, tres consellos de mocidade con personalidade xurídica propia e mil persoas afiliadas ou asociadas que teñan menos de trinta anos.

c) As entidades comprendidas no artigo 4.1.c) deberán, con independencia do seu número de persoas asociadas ou afiliadas, ter implantación en, cando menos, dez provincias e deberán prestar servizos, como mínimo, a tres mil cincocentos mozos e mozas anualmente, e estar presentes en tres consellos de mocidade autonómicos dotados de personalidade xurídica propia. Naquelas comunidades autónomas nas cales non houbese Consello da Xuventude autonómico será necesario acreditar no rexistro correspondente a garantía de presenza autonómica; para estes efectos, será computable a presenza en dous rexistros co mesmo valor que a presenza nun Consello da Xuventude autonómico.

d) Os consellos de mocidade ou entidades equivalentes de ámbito autonómico, recoñecidos polas correspondentes comunidades autónomas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla, deberán ter personalidade xurídica propia no momento en que presenten a solicitude.

5. A Comisión Xestora convocará a primeira asemblea xeral nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da norma, de acordo coas seguintes condicións:

a) A Comisión Xestora convocará as entidades que superen positivamente o procedemento de admisión. Esta convocatoria efectuarase cunha antelación mínima de dous meses á celebración da asemblea xeral.

b) A convocatoria irá acompañada da orde do día e da normativa reguladora da elección da Comisión Permanente. Ambos os documentos serán elaborados pola Comisión Xestora, a cal procurará buscar o maior consenso posible entre as entidades integrantes.

c) A Comisión Xestora preparará e remitirá ás entidades a documentación, que será examinada pola primeira Asemblea Xeral cunha antelación mínima dun mes á celebración da dita Asemblea Xeral. Esta documentación, á que as entidades poderán realizar as observacións que consideren oportunas, constará, cando menos, dun proxecto de regulamento para o funcionamento da primeira Asemblea Xeral, que será aplicado a partir da súa aprobación por maioría simple, e un proxecto de regulamento de funcionamento e organización interna do Consello da Xuventude de España, respecto do cal a Comisión Xestora propondrá un procedemento para a proposta e votación de emendas.

6. A primeira Asemblea Xeral estará composta polos representantes das entidades integrantes convocadas. A Comisión Xestora formará parte da Asemblea sen voto e sen afectar o quórum, salvo que acudan como representantes dunha entidade membro. A representación das entidades rexerese polos seguintes criterios:

a) Cada entidade terá un mínimo de dous representantes e un máximo de nove.

b) As entidades comprendidas no artigo 4.1.a), b) e c) contarán cos seguintes representantes:

1.º As entidades que pertenzan, cando menos, a catro consellos de mocidade de comunidades autónomas ou cidades autónomas, dotados con personalidade xurídica propia: tres representantes.

2.º As entidades que pertenzan, cando menos, a seis consellos de mocidade de comunidades autónomas ou cidades autónomas, dotados con personalidade xurídica propia: catro representantes.

3.º As entidades que pertenzan, cando menos, a oito consellos de mocidade de comunidades autónomas ou cidades autónomas, dotados con personalidade xurídica propia: cinco representantes.

4.º As entidades con presenza nun mínimo de nove consellos de mocidade autonómicos ou de cidades autónomas, dotados con personalidade xurídica propia: seis representantes.

5.º Un representante adicional pola presenza en catro ou máis comunidades autónomas sen Consello da Xuventude con personalidade xurídica propia ou equivalente.

c) Os consellos da mocidade das comunidades autónomas ou de cidades autónomas, dotados con personalidade xurídica propia, ao abeiro do artigo 4.1.d), contarán cos seguintes representantes:

1.º Todos os consellos de mocidade de comunidades autónomas ou cidades autónomas terán dous representantes, incluídos os consellos de mocidade de Ceuta e Melilla.

2.º Os consellos da mocidade de comunidades autónomas terán representantes adicionais, en función dos seguintes criterios:

i. Un representante adicional por cada dez asociacións autonómicas, excepto os consellos de carácter territorial, cun máximo de tres representantes por este concepto.

ii. Un representante adicional por cada cinco consellos de carácter territorial, dotados con personalidade xurídica propia, cun máximo de tres representantes por este concepto.

iii. Un representante adicional se a poboación de mozos e mozas, persoas entre dezaseis e trinta anos, ambos inclusive, segundo o último censo oficial do Instituto Nacional de Estatística, da comunidade autónoma supera as cincocentas mil persoas.

iv. Os representantes das entidades integrantes non poderán superar os trinta anos de idade.

7. A Comisión Xestora invitará as entidades observadoras e de convenio do extinto organismo autónomo Consello da Xuventude de España a participar con voz pero sen voto na primeira asemblea xeral do Consello da Xuventude de España.

8. As entidades e persoas invitadas pola Comisión Xestora contarán cun representante con voz pero sen voto. A súa credencial será distinta da dos representantes con voto.

9. A Comisión Xestora moderará a primeira Asemblea Xeral.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Constitución do Consello da Xuventude de España.*

O Consello da Xuventude de España quedará constituído cando entre en vigor este real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 3 de agosto de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social
CARMEN MONTÓN GIMÉNEZ